

Nº 10

# CANDÍS

MAIO - 96

Colexio Público "Tomás Terrón Mendaña"

*Sobradelo de Valdeorras*

REVISTA ESCOLAR

100 Ptas.

## CENTENARIO DO CÓMIC

1896 - 1996



### ROMPETECHOS

# ¡Que vida!

## SETEMBRO

Día 1: ¡Aaah! ¿Que pasará fóra? ¡Hui! Están ahí os de 6º, 7º e 8º. Son os "veteranos", os chulis do colexio. ¡Ah! Hoxe son os exames de recuperación.

Comezo de curso: Nestes días estivéronme limpando para recibir ós alumnos. Por certo, este ano non choraron os de Infantil, xa me tiñan farto, tódolos anos veña a chorar e a chorar.

## OUTUBRO

Hoxe empeza o comedor, ¡como pasa o tempo! ¡Hummm! ¡xa cheira que alimenta a comida de Avelina!

## NOVEMBRO

Hoxe fan face-lo magosto, pero como está chovendo a todo dar, conformámonos con ver bailar muñeiras a "veteranos e veteranas". ¡Que ben o fan!

O primeiro día que non chova faremolo, aínda que a min iso de pintarse non me gusta moito, sempre me toca algo.

O día 27 é o día dos mestres e non hai colexio. ¡Só é un día!.

## DECEMBRO

Os días 6, 7 e 8 hai ponte, voume sentir só, aínda que pola tarde veñen facer deporte.

Día 12: Os rapaces soben ós autobuses e marchan a ve-lo circo "Los muchachos" no pabellón de deportes do Barco. Chegaron tarde e Avelina estaba farta de esperar. Pola tarde veu o practicante a vacina-los alumnos contra o sarampelo. O luns, visitoume a Inspectora e desexoulles Feliz Nadal a tódolos alumnos.

## XANEIRO

Día 9: ¡Ah! ¡Xa me esquecía! Hoxe profes e alumnos volven das vacacións. Acabouse a tranquilidade.

Día 30: Os rapaces do Bolo fixéronnos

unha visita para xogar ó fútbol e ó baloncesto. Quedaron a comer aquí. Nos resultados houbo de todo. O mellor foi que os nenos pasárono en grande.

## FEBREIRO

Día 14: Veu o autor do libro "El alfabeto de las 221 puertas" e os rapaces de 7º e 8º fixéronlle preguntas sobre él, e logo asinoullelos.

Día 15: Veñen os rapaces de Casaio a competir e quedan a comer.

Día 16: Entroido, todos se disfrazaron menos o curso de 7º (que están na idade do "pavo") e algún neno de 8º que lle deu vergonza poñer-lo disfraz de "animadora". Pasámolo moi ben. Agora xa quedo tranquilo ata o xoves da semana que ven.

## MARZO

Día 6: Visita da médica e do practicante, nervios e choros. Só é revisión para 1º, 5º e 8º. Ó final sen problemas.

Día 11: ¿Onde irán? Parece que van visitar unha exposición en Caixa Ourense no Barco sobre insectos.

Día 14: Empezan os exames. Hai caras que reflexan o nerviosismo, outras... como se nada.

Día 19: É o día do pai, pero como non é festivo, pasa desapercibido.

Día 28: ¿Onde irán os rapaces a estas horas?. ¡Anda! e levan árbores. Xa sei, seica van prantalos en San Xusto. Espero que os coiden ben.

Día 29: As vacacións, todos están moi contentos, e eu tamén, uns días de descanso veñen ben a calquera.

## ABRIL

Día 9: Xa estamos todos de novo no colexio. Xa non vos podo contar máis cousas, pois estas nenas queren poñer tódolos meus pensamentos no seu xornal. Falan entre elas cousas que eu non entendo. Viaxe a Gandarío, Viaxe a Portugal ¡Que o pasen ben!

# A PIZARRA EN CARBALLEDA

*Con este traballo os alumnos que fixeron 8º no curso 1994-95, acadaron o primeiro premio de narración cunha dotación de 12.000 ptas. Unha vez que os alumnos de 8º deste curso seremos os que disfrutemos do premio, pensamos que, merecidamente, debemos imprimir íntegro o seu traballo.*

A razón do noso traballo xurdiu sen querer. Enterámonos da convocatoria enviada ó Colexio pola "Asociación Nacional de Colocadores de Pizarra", había que escoller un tema e este pareceunos o máis interesante.

responsal de "La Voz de Galicia" e membro do Instituto de Estudios Valdeorreses, gracias a el soubemos de Dn. Isidro García Tato, e de Dn. Antonio Castro Voces, ámbolos dous tamén membros do "Instituto de Estudios Valdeorreses".

*Este foi o agasallo dos nosos compañeiros do curso pasado*

A verdade é que o tema de seguido se di, pero logo o desenrolo..., vamos, que non sabiamos como comezar.

Nós sabemos algo da pizarra, a maioría directa ou indirectamente vivimos dela. Claro que o que nós coñecemos é "de andar por casa". Sabemos un pouco dos traballos que fan os nosos pais e nais, sabemos en que canteira ou en que nave traballan, e sabemos tamén, que tipo de ferramenta empregan, pero de aí non pasamos. Así que esta oportunidade de un-lo pulo necesario para escribir todo o que nós sabemos e nos contan sobre a **Historia** da pizarra no noso Concello, Carballeda de Valdeorras.

O máis difícil foi busca-la información. Os xornais da nosa Comunidade traen moitas veces noticias sobre a pizarra, pero telas todas no momento de face-lo traballo era practicamente imposible. Así que comezamos o labor de investigación de persoas que teñen escrito sobre a pizarra. E atopámolas. O primeiro foi Dn. Tomás Terrón Mendaña, mestre xubilado do noso Colexio, Co-

E polos mestres soubemos de Dn. José Carlos Barros Lorenzo e de Dn. José Luís Escribano, xeólogo e enxeñeiro de minas que traballan na nosa zona.

Logo, non podían falta-los testigos directos, como foron os nosos avós, nosos pais e veciños.

Por iso antes de continuar queremos agradecer a todas estas persoas, en primeiro lugar que escribisen sobre a pizarra, e en segundo lugar a súa colaboración, xa que sen ela sería para nós moi difícil facer este pequeno traballo.

## ¿QUE É A PIZARRA?

A pizarra é unha rocha metamórfica que pode ser esfoliada en placas delgadas a favor dos planos de foliación.

Atendendo ós compoñentes químicos que ten, podemos atopar Sílice, Alúmina, Óxido de ferro, Magnesia, Óxido de Potasio, Óxido de Sodio, Óxido de Calcio e algúns compoñentes máis.

Logo, na composición mineralóxica encontramos SERICITA, CUARZO, CLORITA.

*(Pasa a pax. seguinte)*

(Vén da páxina anterior)

## MATERIA CARBONOSA, RUTILO E PIRITA.

Debido ás súas propiedades é moi coñecida. Así, ten unha gran **fisibilidade**, que é unha propiedade típica das pizarras que permite separalas en láminas de pouco espesor.

Outra propiedade é a **baixa permeabilidade**, é dicir, que non permite o paso da auga a través dela.

Tamén é **incombustible**; ó contacto co lume non arde.

Ten unha **alta resistencia ós cambios de temperatura**; soporta doadamente as temperaturas ambientais dos climas máis extremos.

A **conductividade eléctrica é baixa**, ailla ante as correntes eléctricas.

Tamén é **inalterable**, é dicir, pola súa composición non reacciona ó contacto cos ácidos, por iso é boa para lugares onde hai contaminación atmosférica.

E por último é **flexible**, o que permite que se poida tallar e perforar facilmente, así como evita-la rotura por fragilidade na súa manipulación.

A súa orixe é do período Paleozoico, do Ordovícico; en anos podemos dicir que as nosas pizarras teñen uns cincocentos millóns de anos.

### COMEZOS DA EXPLOTACIÓN LOUXEIRA

Antes de nada dicir que os termos LOUXA, LOUXEIRA, LOUXADO, LOUXEIRO E LOUXAR non son correctos.

nos dicionarios que consultamos viña LOUSA, LOUSEIRA, LOUSADO, LOUSEIRO E LOUSAR, pero para os habitantes do Concello de Carballeda énos completamente imposible pronuncialos con S, así que aínda que sexa incorrecto, seguiremos co **XE**.

Bene despois desta aclaración, diremos que a primeira información sobre a explotación de louxeiras no Concello de Carballeda, témola no Catastro de Ensenada, a mediados do Século XVIII, no que se nos informa de que no término de Casoio había unha louxeira.

Un século máis tarde, no Dicionario Xeográfico de Pascual Madoz, a voz Puzmazán aparece como "lugar onde existía unha industria de extracción de pizarra para louxados".

Outro dato a ter en conta é observando os louxados das eirexas e ermidas que se reconstruíron nos séculos XVII e XVIII. Todos eles teñen na súa cuberta lastróns (tamén chamados pizarra de granel). E retrocedendo no tempo moito máis, temos

pontes romanas construídas con lastróns.

A actividade louxeira no Concello de Carballeda ata comezos deste século foi unha actividade destinada ó autoabastecemento do propio concello ou concellos limítrofes por medio das xeiras-voltas, que non era outra cousa que a axuda mutua que se prestaban uns veciños ós outros cando tiñan

necesidade de pizarra para cubri-los louxados.

A primeira explotación louxeira é de comezos de século, exactamente no ano 1909, no que se constiúe a primeira sociedade que estaba formada por Dn. Salustiano Tato Barba, veciño de Viladequinta, Dn. Rogelio Limeres Doporto, veciño da Pontenova e Dn. Ramiro Prada Prada, veciño de Sobradelo. A canteira estaba no Robledo de Domiz no lugar da Troia.


Investigando un pouquiño esta sociedade, coñecida como "Rogelio Limeres e Compañía", hai algo moi curioso, e é que construíron unha vía de ferro para transporta-la pizarra en vagonetas, que ían tiradas por animais. Esta vía percorría toda a marxe esquerda do río Casoio. Tamén construíron unha ponte e así chegar a Sobradelo. Xa en Sobradelo o transporte realizábase en carros ata a estación.

Hoxe en día xa non existe, pois durante a primeira Guerra Mundial a chatarra de ferro adquiriu gran valor, así que, levantaron as vías e vendéronas.

### AS VÍAS DE COMUNICACIÓN

O gran problema da pizarra foron e seguen a

(Pasa a pax. seguinte)



*(Vén da páxina anterior)*

ser-las vías de comunicación. Daquela o único que había era o antigo Camiño Real, o que é hoxe a estrada cincocentas trinta e seis, e logo o ferrocarril. Ámbolos dous cruzan a parte Norte do Val do Sil. O resto do Concello, o único que tiña eran camiños para carros ou carreiros para as caballerías.

A estrada que hai hoxe dende Sobradelo a Casaio, non se abriu ó tráfico ata finais do ano 1959 e comezos do 1960.

### TÉCNICAS DE EXPLOTACIÓN

A verdade é que teríamos primeiro que falar dos pioneiros da explotación louxeira. Esta actividade foi espontánea, a louxa necesitábase para o louxado da casa, para cerra-las fincas, para campos, baldosas, pedras de sepulturas, etc... Aínda hoxe podemos ver moitos buracos cerca dos pobos que indican que, a flor de terra, calquera que o necesitara podía saca-la pizarra.

Polos anos 60 a explotación realizase dun xeito semellante a hoxe, só que cunhas ferramentas moi rudimentarias, e a única fonte de forza para empregalas era a do home. Hai quen di que este traballo daquela era de condenados a galeras.

E xa entrando nas técnicas de explotación diremos que unha vez que se determina o lugar no que pode haber un bo filón de pizarra, comézase polo **desmonte**, no que se emprega pólvora e dinamita.

Para **arranca-lo** rachón empregábanse cunhas de aceiro e mazas que pesarían uns dez kilos,

tamén se utilizaban pistolo e barrena, picos e palas.

Unha vez arrancada a banqueta, que é o bloque de pizarra xa solto da terra, rachábase a forza de pico ou de cuña.

A continuación viña o cuarteado que se facía con mazas.

A seguinte operación era o tareado das pracas cuarteadas, que consistía en exfolialas cunhas cuñas chamadas guillos e cun martelo, chamado martelo de tarear.

O transporte ó lugar de labrado ou labradeiro, que normalmente estaba fóra do banco, na punta dun precipicio que servía de escombreira, era a man ou en carretillos.

O labrado ou exfoliación da praca facíase con uñetas e cun martelo de labrar.


A continuación do labrado viña o raiado, que se realizaba sobre unha plantilla de ferro.

O corte, feito polo cortador, realizábase cunhas tesouras de man

E aquí entón remata xa o proceso de explotación, quedándonos todavía manda-la pizarra ós lugares de consumo. Antes había que levala ó cargadeiro e de alí á estación; o transporte era en carros, caballerías e carrocetas, ou en camións, se se levaba directamente ós lugares de consumo.

A nivel económico de todos é sabido o que representa a pizarra de Carballeda para a Comarca de Valdeorras. Hai quen di que en tempos de crise, cando Carballeda esbirra, toda Valdeorras ten gripe.

(Alumnos 8º curso 1994-95)



Explotación actual dunha canteira (San Cosme- Casaio)

## GOYA E O SEU TEMPO

No 250 aniversario do seu nacemento a revista escolar "CANDÍS", quere render homenaxe a Francisco de Goya, un dos xenios máis importantes da historia do arte.

Nace o 30 de Marzo de 1746 en Fuendetodos (Zaragoza), fillo do mestre dorador, José Goya e de Gracia Lucientes.

A vida de Goya é longa e intensa, acosado por unha enfermidade, que o deixaría xordo, acadou os 82 anos. Viviu nunha España atormentada polo absolutismo e polas guerras, e rematou os seus días exilado en Francia.

A súa formación comeza en Zaragoza, no estudio dun pintor local chamado José Martínez Luzán. Por dúas veces se presenta, sen éxito, na academia de Bellas Artes de San Fernando, tentando de acadar unha pensión, e ó non poder obtela, viaxa pola súa conta a Italia onde residirá durante dous anos. Anos máis tarde será o director de pintura da Academia de San Fernando.

En 1774, xa de volta en Madrid, traballa como empregado da Real Fábrica de Tapices. O seu traballo é realizar cartóns, primeiro sobre debuxos alleos, despois xa os fará con ideas propias. O primeiro deles sería "El quitasol".

En 1789 Goya é nomeado pintor de cámara por Carlos IV, e comeza a adquirir sona como retratista da nobreza. Desta etapa temos "La familia de Carlos IV", "La Maja vestida", "La Maja desnuda", "Retrato de la Duquesa de Alba", e un longo etcétera.

Nunha viaxe que fai a Andalucía alá polo ano 1792, Goya é vítima dunha enfermidade que o deixaría xordo. Na soidade e o silencio do seu restablecemento comezan a tomar forma as fantasías, que anos máis tarde se converterán en "Los Caprichos".

En Abril de 1808 o Motín de Aranjuez obriga a Carlos IV a abdicar no seu fillo Fernando VII. Os acontecementos históricos fan que Fernando VII, en menos dun mes, teña que devolver a coroa a seu pai para que este abdique en Napoleón.

Os días 2 e 3 de Maio de 1808 quedarán gravados na memoria de Goya que plasmará os "Desastres de la Guerra" na colección de oitenta estampas que realizará entre 1810 e 1814, destacando "Los fusilamientos del 2 de Mayo", "Los Fusilamientos de 3 de Mayo", "La lucha con los mamechucos" entre outros. Este mesmo ano,

Napoleón nomea como rei de España a seu irmán maior Xosé. Goya manterase no seu posto, polo que moitos o acusarían de colaboracionista, aínda que Goya e mailo seu fillo pasarán a depuración dos funcionarios de palacio unha vez rematada a guerra, e os seus salarios, pensións e dereitos civís se confirman.

Durante o reinado de Xosé I, Goya retrata a moitos dos protagonistas victoriosos do conflito, dende o Xeneral Palafox ata o duque de Wellington.

En 1812 morre a súa muller, Josefa Bayeu, e parece ser que se unirá sentimentalmente en 1814 a Leocadia Zorrilla de Weiss coa que se di que tivo unha filla.

Coa chegada de Fernando VII, comeza unha nova etapa no estilo do pintor, evoluciona cara unha maior concentración expresiva, fai unha pintura máis directa, sintética e chea de materia, con tendencia sobria e un amplo emprego dos negros. Pertencen a esta época retratos, en especial os de nenos "Mariano Goya" (neto do pintor), "Pepito-Costa" nos que se amosa a capacidade do pintor para saltar do máis cru ó máis humano. Na pintura relixiosa hai que destacar "La última comunión de San José de Calasanz", acaso a obra máis sentida e auténtica de tódalas relixiosas.

En 1819 merca unha casa, "La quinta del Sordo", que comezará a decorar cunha técnica nova, a litografía. Son estas as "Pinturas negras", que nos amosan un mundo que se move entre o humor negro e o pesadelo escalofriante, anticipándose ó que máis tarde sería o expresionismo e o surrealismo.

En Outubro de 1823 Fernando VII restablece o seu poder absoluto. Goya, sentíndose ameazado, dona "La Quinta del Sordo" a seu neto e tenta saír de España con permiso real conseguíndoo en 1824. Instalarase en Burdeos e o seu espírito creador continuase manifestando. Pinta ós seus amigos "Moratín", e comeza cunha serie de litografías titulada "Los toros de Burdeos", "La lechera de Burdeos" e distintos gravados e debuxos nos que amosa a súa fe liberal.

Gravemente enfermo, morre o 16 de Abril de 1828. Os seus restos descansan hoxe na Ermida de San Antonio de La Florida en Madrid.

(Alumnos de 8º)



CURRUNCIO DOS NOSOS POETAS

O gato

Era uma vez um gato  
pequeno e não tinha nome  
uma senhora encontrou-o  
e chamou - the Tomi.  
O gato era muito bonito  
e pequenino, todos gostavam dele -  
Os meninos acariciavam - ho  
e brincavam com ele.  
A senhora estava muito feliz  
com o seu simpático galão

Juliana 3º

Primavera

Na Primavera  
Nassem flores  
e a mais grande  
és tu meu amor.

A tua mãe é doceira  
porque um doce  
como tu  
não o faz qualquer uma.

Minha filha  
Minha flor  
Tu para mim  
És o meu amor.

Patricia 3º



A formiga

Formiga preta  
trabalhas e trabalhas  
para fazer a tua casa  
com grãos de areia.

Formiga preta  
colheitas e colheitas  
para no inverno  
ter a despensa cheia.

Formiga preta  
aconselhas e aconselhas  
a tua amiga a cigarra  
sem que ela te atenda.

Formiga preta  
como prêmio terás  
um montão de formigas  
que um dia te ajudarão.



Olalla 3º

Anduriña

Anduriñas que van e veñen  
non deixades de cantar  
que os vosos cantos  
un se van namorar.



Anduriña querida  
é no inverno  
ben agachada estás  
e por aí vai  
que te agachas  
eu voude enquistar.



Anduriñas, non deixades de cantar  
que os vosos cantos  
un se van namorar.

Anduriña celestial  
non deixades de cantar  
e si de nos



Xa non me podereis namorar.  
Anduriña, anduriña  
nunca deixes de cantar.



David López 6º

## NÓS TAMÉN INVESTIGAMOS:

¿Sabiades que...


*A cova máis longa do mundo é a de Flint Mammoth Cave que se atopa en Kentucky (U.S.A) e ten unha lonxitude de 350 km.*

\*\*\*\*\*

A sequoia xigante é a árbore máis alta do mundo, e pode acadalos 80 m de altura. O tronco destas árbores teñen un diámetro de 9 metros.

.....

**O animal vivinte máis grande que hai é a Balea Azul, que pode acadalos 32 metros de lonxitude e un peso de 130.000 kg.**



*A serpe máis longa é a Pitón reticulada, que vive no sudeste de Asia e pode acadar unha lonxitude de 10 metros.*

.....

Un castiñeiro pode vivir uns 2000 anos; o ciprés sempreverde 2500 anos e unha sequoia máis de 3000 anos. Pero o que máis anos vive é o piñeiro aristata que se dá nos bosques de Norteamérica, onde hai exemplares de 4000 anos.

777777

A ferverza (catarata) máis alta do mundo está na fronteira norte do Brasil e ten un salto de auga de 1005 m de altura.

.....

NO MOMENTO DE NACER O ESQUELETO HUMANO ESTÁ FORMADO POR 350 ÓSOS. SEN EMBARCO UN ADULTO SÓ TEN 208 ÓSOS. ¿POR QUE? PORQUE DURANTE O CRECIMENTO ALGÚNS ÓSOS SÓLDANSE ENTRE SI.

!!!!!!

Unha formiga **obreira** vive entre 3 e 6 anos, pero si é unha **raíña** vive de 15 a 18 anos.

ppppp

Algúns animais desprázanse a unhas velocidades realmente incríveis.

Os peixes máis rápidos son : O peixe espada ( 90 km/h) e o peixe vela (109 km/h).

As aves máis veloces son: A perdiz (70 km/h), o vencello (145 km/h), o falcón (200 km/h) e o máis rápido o Vencello de cola en espiña que chega a 350 km/h.

Dos animais terrestres, os máis veloces son: O coello (72 km/h), avestruz (80 km/h), a gacela (96 km/h) e o máis rápido é o guepardo que acadalos 114 km por hora.



Peixe vela

Alumnos de 4º



## Cozinha Portuguesa: A gastronomia como cultura

### FOLAR DE TRÁS-OS-MONTES

*Ingredientes:* 1kg de farinha, 10 ovos; 200g de manteiga; 1/2 copo (pequeno) de azeite; 30g de fermento de padeiro; 0,5dl de leite; uma pitada de sal fino; 1 salpicão pequeno; 300g de presunto; uma chouriça.

*Preparação:* Coloca-se a farinha com o sal nun alguidar e faz-se uma cova no meio. Desfaz-se o fermento de padeiro em o 0,5dl de leite morno, deita-se na cova da farinha e vai-se envolvendo nela. Colocam-se os ovos inteiros com a casca numa tigela e cobrem-se com água morna. Alguns minutos depois, abrem-se para dentro da farinha e vai-se fazendo absorver a farinha a partir do centro. Juntam-se as gorduras e põe-se a derreter sobre lume brando. Juntam-se à massa e trabállha-se tudo. Bate-se a massa. A massa considera-se bem batida quando a superfície aparecem umas bolhas. Tapa-se a massa e põe-se num local onde possa receber calor indirectamente. Estalevedada quando atingir o dobro do volume. Estende-se a massa e coloca-se o salpicão, o presunto e a chouriça, previamente partidos. Enrola-se e coloca-se numa forma untada com manteiga. Deixa-se levedar novamente até aparecerem a superfície umas bolhinhas. Pincela-se com gemas de ovo e leva-se a cozer em forno bem quente durante 45 minutos.

### FILHÓS DE NATAL BRAGANÇA

Fazem-se com a mesma massa do folar. Depois de estar levedada a massa tiram-se bocados que se moldam em bolas e depois se espalmam puxando a massa com os dedos. Fritam-se em óleo quente à medida que se vão estendendo. Polvilham-se com açúcar e canela. Devem-se fritar um a um e em bastante óleo. Crescem mais à medida que se vão fritando lھے deitamos o óleo em cima.

### FOLAR DE TRÁS-OS-MONTES

*Ingredientes:* 1kg de fariña; 10 ovos; 200g de manteiga; medio vaso pequeno de aceite de oliva; 30g de levadura de panadeiro; 0,5dl de leite; unha pizaca de sal fino; un chorizo; 300g de xamón; 1 lomo adobado pequeno.

*Preparación:* Colócase a fariña con sal nun recipiente e faise un oco no medio. Desfaise a levadura de panadeiro no 1/2 dl de leite morno, botase no oco da fariña e vaise envolvendo nela. Cócense os ovos enteiros coa casca nunha pota e cúbrense con auga morna. Algúns minutos despois ábrense sobre a fariña e vaise amasando ben a partir do medio. Xúntanse as grasas e pons todo a derreter a lume baixo. Engadenselle á masa e trabállase todo, que estará ben amasado cando na superficie aparezan burbullas. Tápase a masa e colócase nun lugar onde poda recibir calor indirectamente. Estará fermentada cando aumente o dobre do seu volume. Exténdese a masa e sobre ela colocamos-lo xamón, o chorizo e o lomo partidos en anacos. Enrollámolo e colocámolo nun molde untado con manteiga. Deixámolo fermentar de novo ata que aparezan burbullas na superficie. Untámolo con xema de ovo e poñémolo a cocer no forno ben quente durante 45min.

### FILHÓS DE NATAL BRAGANÇA

Fanse coa masa do "folar". Despis de estar fermentada a masa, cóllense anacos que se moldean en bolas e logo aplástanse coa palma da man. Frénse en aceite de xirasol quente, e a medida que se van facendo as tortiñas. Unha vez fritas cóbrense con azucre e canela. Débense fritir unha a unha con abundante aceite. Medran máis se a medida que se van fritindo se lles bota aceite por riba.

Alumnas de 7º e 8º


# LINGUA E CULTURA PORTUGUESA

## Jogo tradicional

Nome: O Pícaro

Material: 1 ou vários pícaros de barro cheios de farinha de água, presos por uma corda a uma árvore ou trava. Um deles tem dinheiro ou produtos alimentícios

Descrição: Cada equipa é composta por 2 elementos, um, com uma vara, de olhos vendados e sentados num banco. O outro orienta o companheiro. O jogador que está em cima do barro tenta acertar com a vara no pícaro segundo as ordens que vai dar ao companheiro. Ganha o jogo aquele que acertar no pícaro que tem o prémio



Alunos de Português

Alunos 6º E.P.

## ADIVINHAS

Qual é a coisa que se cria sem comer?  
(A fome)

Angela 5º

Tem dentes e não come,  
tem barbas e não é homem  
O que é?  
(O alho)

Claudia 5º

Que é que vai pelo rio abaixo e não se molha?  
(O fillo da vaca quando vai na sua barriga)

Noelia 5º

Qual é a coisa,  
qual é ela?  
Mal entra na casa,  
Põe-se á janela?  
(O botão)

Susana 5º

Eu fui feita ás avessas.  
Ás avessas quero ser;  
Quantos paus há no mundo,  
qu岸os hei-de roer.  
Mastigar e deitar fora,  
que engolir não pode ser.  
(A serra)

Fátima 5º

## ¿SON RICOS DE SEU?

Hai uns días estabamos traballando na clase de galego sobre os distintos tipos de determinantes e os seus usos.

Recordamos que hai determinantes posesivos, demostrativos, numerais, artigos e indefinidos. Ó chegar ós usos espectais dos posesivos, chamouno-la atención a expresión "rico de seu". Segundo o libro de texto indica "pertenza exclusiva ou cualidade por natureza".

Neste momento viéronnos á mente dúas persoas que ata hai pouco eran "ricos de seu", estes personaxes son Luis Roldán e Mario Conde.

Afondando máis no uso dos determinantes, chegamos ós numerais, e decatámonos que estes "ricos de seu", tiveron malos profesores de Matemáticas na escola, pois unicamente aprenderon a sumar e multiplicar, e non teñen nin idea de restar nin dividir, aínda que, cousa curiosa, saben "repartir", pero dun xeito inversamente proporcional.

O que son as cousas, un pequeno estudo sobre os determinantes, podete levar, segun Ervigio, a ser multimillonario, basta con utilizar correctamente e no momento adecuado, as expresións "dobre, triple, cuadruplo, feixe, morea" sempre acompañadas do sustantivo "cheque" e o verbo levar cun complemento circunstancial de lugar "a Suiza".

**Exemplo: Conde e Roldán levaron unha morea de cheques a Suiza.**

Alumnos de 8º

## UNHA EXPERIENCIA NOVA

Tódolos días están checos de experiencias, pero esta foi especial, sobre todo se a disfrutas fóra do colexio e non tes clase pola tarde.

Consistiu en plantar árbores. Os alumnos de 7º e os de 8º ¡e como non! os de sexto tamén estabamos. Fomos a San Xusto, e no recén estreado malcón plantamo-las árbores que nos mandara a Consellería de Agricultura, por certo había moita variedade.

Un home dos que alí estaban traballando facía os buracos e entre tres ou catro nenos plantámo-la árbore.

Esperamos que as coiden ben para que algún día poidamos sentarnos á súa sombra nos calurosos veráns valdecorreses.

Alumnos de 6º



O día anubado axudounos a facer mellor o traballo

## Anuncio con moitas, moitísimas palabras

### O GATO

¿Gustaríache ter un gatiño? Se queres gratis un gatiño dun mes de idade pregunte no colexio ou chame ó : 33-50-65.


Podes elixir macho ou femia e coller cantos queiras

A súa alimentación é:

- De pequenos toman un pouco de leite con galletas picadas en anacos. Cando maduran alimentanse das sobras da comida.

Estes gatos son especiais, porque non deixan entrar ós ratos na casa. Se máis algun ponémos na porta da entrada. Agradecen moito que ese día lle deam comida especial.

Olalla 3º



## XESÚS FERRO COUSELO

Cando nos dixeron que o día das Letras Galegas estaba adicado a Xesús Ferro Couselo, e que había que preparar un traballo, non se nos ocorreu cousa mellor que ir mirar ó libro de 8º.

¡Vaia desilusión!, non estaba, o primeiro que pensamos foi que moi importante non había ser cando non aparecía nin no libro de texto. A profesora díxonos que miráramos na "Enciclopedia Gallega"; e alí si que estaba. ¡Menudo traballador!

Un aspecto que nos chamou a atención foi que en 1963 asina a proposta, elaborada por Francisco Fernández del Riego para instar á Real Academia Galega á institución do 17 de Maio como Día das Letras Galegas. Así son as cousas, hai autores que só cunha obra xa os tes que estudar, e este, que ocupa dúas páxinas en letra miuda nin aparece. Faenas do destino.

Xa centrándonos neste gran traballador, diremos que Xesús Ferro Couselo naceu en Louro, no concello de Valga (Pontevedra) o 30 de Xullo de 1906.

Comeza os seus estudos no seminario de Santiago e en 1926 matricúlase na Universidade de Santiago para face-la carreira de Filosofía e Letras, con especialidade na rama de Historia.

En 1931 obtén a licenciatura e marcha para Vigo onde traballa como profesor no colexio dos Xesuitas. Neste mesmo ano inicia as súas colaboracións na revista "Logos", onde publica o seu primeiro traballo "*O Xénese e as primeiras disposicións dos pobos*".

Expulsado do colexio dos Xesuitas (non sabemo-lo motivo), traballa no Colexio Labor tamén en Vigo.

A Guerra Civil cólleo en Madrid, xa que está preparando as oposicións ó Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos, e nesta cidade permanecerá ata que remata a contienda. O seu destino será Ourense, onde dirixirá o Museo e

Arquivo Provincial, conseguindo a súa instalación no antigo Pazo Episcopal.

É imposible resumir en poucas liñas a inxente contribución que fixo á cultura de Galicia, destacando como cofundador de distintas revistas ("*Posio, Artes e Letras*", "*Grial*", "*Agrupación Cultural Auriense*"...) e editoriais ("*Galaxia*") e como autor de numerosas publicacións tanto en galego como en castelán.


Merece especial mención "*A vida e a fala dos devanceiros*". Escolma de documentos en galego dos Séculos XIII ao XVI", sen esquecer "*O Deus Bandua da Veiga*", en homenaxe a F. López Cuevillas, "*Cómo e por qué os escribanos deixaron*

*de escribir o galego*", en homenaxe a Otero Pedrayo, e outras moitas obras que se publicarían en xornais, boletíns,...

Hai unha obra "*Constitutionalistas y realistas. Los comuneros en Valdeorras*", ("*Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense 1943-1944*") que nos chamou a atención, pois, segundo o título, fala da nosa zona. Estamos á espera que un día destes nola envíen desde a Dirección do Museo Provincial.

Nós xa rematamos aquí deixando moito, moitísimo por poñer. Esperamos que para o próximo curso xa o mencionen no libro de texto.

**Alumnos de 8º**



Ricardo 8º



# Central Hispano

---

0560 - Barco de Valdeorras

# OS NOSOS PASATEMPOS

Completa el crucigrama con palabras que lleven h intercalada

Te saídrá el nombre de un desinfectante

Nuria 6º


R	S	I	D	N	A	C	S	P	Q	X
S	L	M	C	T	P	S	R	Z	A	O
A	P	B	U	A	I	D	E	R	U	A
L	F	G	J	K	S	L	R	W	D	B
O	C	A	I	P	E	O	S	E	U	H
D	Z	T	S	Z	B	P	D	L	S	O
O	S	I	W	L	D	N	C	O	Q	I
I	L	J	A	B	A	J	E	C	H	O
R	S	B	P	C	L	I	N	X	A	S
R	U	L	K	Z	J	O	T	R	H	A
P	C	I	H	S	Z	H	B	L	Z	C

Busca o nome dos ríos que nacen ou atravesan o Concello de Carballeda.  
CANDEDA, CANDÍS, BALBORRAZ, SANXIL, CASOIO, RIODOLAS, SIL

Silvia e Maite 7º

# ACERTIJOS

Blanco fue mi nacimiento;  
después verde me vestí.  
Y ahora que estoy de luto  
hacen aprecio de mí




En primavera deleito,  
en verano te refresco,  
en otoño te apimento  
y en invierno te caliento.

En la huerta estoy criada  
y muy verdeíta soy,  
y tengo muchas hojitas  
que en vinagre apañaditas  
[vaya lo ricas que son]



Te lo digo y te lo repito  
y te lo vuelvo a avisar  
y por más que te lo digo  
no lo vas a adivinar.



Ofeadas y no es el mar,  
cañas y no de pescar,  
cerdas y no de lechón  
y el galán que espera dentro  
es de noble condición



Lidia 6º

## ELECTRODOMÉSTICOS

# JOSÉ ANTONIO PRADA NÚÑEZ

Sobradelo de Valdeorras  
(Ourense) Tno. 335013

MOBLES


FERRETERÍA

# CUADROS MÁGICOS

■ Completa los números que faltan para que el siguiente cuadro sea un cuadro mágico.

Recuerda que en un cuadro mágico, la suma de los números de cada fila es igual a la suma de los números de cada columna y es igual a la suma de los números de cada diagonal.

13'55	1'30	10'05
4'80	8'30	11'80



■ Divide cada número del primer cuadro mágico por 0'5 y comprueba que el cuadro que se obtiene es también un cuadro mágico.


64'75	6'5	50'25
24	41'5	59
32'75	76'5	15'25




48		118



*Jogamos no Parque e logo debuxámolo*





*Demmi*



*Sara*


Alumnos de E. Infantil

Página dos máis pequenos pintores



# Debuxamos...

*a festa de Sobradelo*



David Vega 4 anos

*e os nosos contos*



Carlos 5 anos

## ¡Foi unha mágoa!

A noite do 24 ó 25 do pasado mes de Decembro choveu tanto que os desaugadoiros non daban tragado a auga e ía toda pola estrada, baixando logo polos caborcros e derrubando moitas paredes.


O río creceu moito e onde antes nos bañabamos, quedou todo estragado. Para rete-la auga puxeramos unhas pedras ben grandes, pois xa non están; ata levou a fraga onde nos poñiamos ó sol...

A beira do río había moitos chopos, pois hoxe xa non están, a forza da corrente arrastrounos, creo que están no pantano.

O río deixou na súa marxe moito lixo, troncos de árbores, bolsas de plástico e todo o que a forza da auga pode levar consigo. Aínda hoxe, se poden ver no pantano as consecuencias de semellante riada. Tardaron case dous meses en limpa-lo.

O peor de todo foi o que fixo nas piscinas de Sobradelo. Non sei se o próximo verán nos bañaremos, espero que si, do contrario a maioría dos nenos do concello de Carballeda teremos que tomar baños "na bañeira"

Alumnos de 7º



## VIAXAMOS A XAGOAZA

O xoves 25 de Abril, os nenos de 2º, 3º, 4º e 5º do colexio fomos ó Mosteiro de Xagoaza, acompañados polos nosos titores.

Cando chegamos entraron na adega os nenos de 2º e 3º, nós quedamos un rato esperando fóra.



Ó saír eles entramos nós. O primeiro que visitamos foi a adega na que había moitas cubas de aceiro que enfriaban con auga. Unhas encargadas que había alí iannolo ensinando todo.

Logo fomos onde se embotella o viño. As botellas pasaban por distintas fases, ata saír preparadas para a venda.

Ó final ensináronno-la exposición. Había moitos cadros e esculturas. Un deles era un barco pequeno e a marca negra. Tamén había unha bola moi grande tecida a man e feita cos sarmentos de cepa. Máis tarde vimos unha escultura feita de madeira cun tiracroios que representaba a David loitando con Goliat; había un obxecto estraño que podía se-lo que a imaxinación creara.

Por último visitámo-la igrexa que estaba dividida en dúas partes; unha moderna e outra tan antiga que tería uns 800 anos; Xesús Crucificado estaba no Altar Maior, que, segundo dixeron tiña moitísimos séculos.

Fátima e Vanesa 5º



# Banesto

Banco Español de Crédito, S.A.

**SOBRADELO (CARBALLEDA)**

**CR DE ENTOMA 1**

**32330 SOBRADELO CARBALLEDA**

## ADIVINANZAS DEL CIELO Y DEL TIEMPO

**ESTAS LÁGRIMAS DEL CIELO  
BAJAN EL BARRO A FORMAR,  
SE FILTRAN LUEGO EN EL SUELO  
Y EL CICLO VUELVE A EMPEZAR.**

La lluvia

Paleta de pintor en el cielo,  
paleta de pintor entre la lluvia y el sol.

El arco iris

UNA RAJA DE MELÓN QUE HASTA EL  
CIELO SE SUBIÓ.

La luna

**Quando viene. te duermes  
y se va para que te despiertes.**

La noche

**Infinitas chiribitas  
que en el cielo tiritan.**

Las estrellas

CUATRO TIENEN TREINTA,  
SIETE TREINTA Y UNO  
DIME TÚ CÓMO SE LLAMA  
EL MÁS CORTO QUE NINGUNO.

Febrero

**Grandes copos de algodón  
que el viento mueve a su son.**

Las nubes

Blancos manteles de hilo,  
sábanas de blanca seda,  
extendidos por el cielo  
que el viento trae y lleva.

Las nubes

**“Hora, redonda del sol”,  
el día está en su mitad,  
las manillas del reloj,  
¿qué hora señalarán?.**

Las 12 del mediodía

Álvaro 4º

JUGUETERIA  
LIBRERIA

**murciego**

Regalos y  
Complementos

C/ Marcelino Suárez, 28 - Telf.: 32 17 57 - BARCO DE VALDEORRAS

# A PASALO BEN: COLMOS É...

**Cuál es el colmo de...**

**un jorobado?**

Estudiar derecho

**una bicicleta?**

Llevar televisores en lugar de radios

**un astronauta?**

Estar todo el día en la luna

**un ladrón vampiro?**

Robar un banco de sangre

**un sepulturero?**

Tener un hijo calavera

**un funambulista?**

Cair de las nubes sin hacerse daño

**un corredor?**

Hacer una carrera solo y llegar segundo

**un caballo?**

Tener silla y no sentarse

**un arquitecto?**

Construir castillos en el aire

David M. 6º

## ...CHARADAS

**Con una flor y un reptil, piensa en el nombre de una capital europea.**

Lisboa

**¿CUÁLES LA INMENSIDAD MÁS BEBIDA?**

Marrón

**Piensa en un tiempo verbal que también sea nombre de insecto.**

Araña

**Di el infinitivo de un verbo que con distinta acentuación, sea el nombre de un arma.**

Revolver

**Con una constelación y una flor, forma un nombre de varón.**

Leonardo

**Ahora piensa un tiempo verbal que es también el nombre de un juego y de un disfraz.**

Domino

**Primera, se toma; segunda, se canta; con tercia, se niega y todo se labra.**

Terrero

**Vocal más madera, ¿qué es?**

Opalo

**La primera consonante; la segunda musical; la tercera pronombre, ¿y el todo? un nombre.**

Velayo

**Con un tiempo verbal y un nombre de mujer forma el nombre de una comunidad autónoma española.**

Andalucía

**Con una medida de peso y un tiempo verbal forma el nombre de una mujer.**

Labrada

**Con un tiempo verbal y un color, forma el nombre de un personaje del Antiguo Testamento.**

Dalia

**Letra en la primera; verbo en la segunda; fruta en toda ella. Aciértala.**

Uva

Álvaro 6º

## ESTA É GALICIA

Galicia é unha das 17 comunidades autónomas que forman España. Ten catro provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. A capital é Santiago de Compostela.

O nome de Galicia ten unha orixe moi antiga. Cando os romanos, hai uns dous mil anos, conquistaron a Península Ibérica, chamáronlle **Gallaecia** á zona situada no noroeste, incluída a parte norde do que hoxe é Portugal. Este nome viña dun pobo que alí vivía e que se chamaba os callaeci ou gallaeci.

Co paso do tempo o nome latino Gallaecia foi cambiando ata converterse en Galicia.

Os símbolos de Galicia son a bandeira, o himno e o escudo.

A **bandeira** galega é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ata o ángulo inferior dereito.

O **escudo** ten un cáliz dourado acompañado de sete cruces prateadas sobre fondo azul, que representan ás sete antigas provincias que tiña Galicia. Na parte superior ten unha coroa real, signo de que Galicia pertence ó reino de España.

O **himno** foi composto por Pascual Veiga sobre un poema de Eduardo Pondal. A bandeira galega ondea en tódolos edificios oficiais.

Galicia ten 29.434 Km. cadrados e é, pola súa extensión, a sétima comunidade de España. Por orde de extensión, Lugo é a maior, seguida da Coruña, Ourense e Pontevedra.

Esta é a Galicia que nos ensinan os libros, pero hai outras *Galicias*: a Galicia da xente boa, amable e traballadora; a Galicia dos nenos ledos cando ven o mar ou a neve; a Galicia que moitas veces estragamos sen decatarnos do dano que lle facemos cando tirámolo lixo onde cadra, ou facemos lume e non o apagamos ben; a Galicia que lle cortamos as árbores para que adornen as nosas casas polo Nadal.

Esta tamén é a nosa Galicia.

Roberto e Óliver 4º


## VODA NA COCIÑA

Mañá na Cazola de Barro casarán a Señora Culler de Pao e o Señor Garfo de Madeira ante o Xuíz Don Cullerón.

Serán os padriños Don Coitelo e a Señora Escumadeira.

Firmarán como testemuñas Dona Tixola, Dona Cacerola e Don Cazo.

Para celebralo farán unha sopa de allo para toda a familia.



Mª José 2º



**Banco Pastor**

Sucursal Carballeda de Valdeorras

**Sindo Librería**

*Material escolar*

Sobrado de Valdeorras Tno. 335028

## NÓS TAMÉN SOMOS GRANDES ESCRITORES

### ¿QUEN LIMPA O MONTE?

Un luns pola mañá os ratóns do campo están a almorzar. Unha festa que se repite tódolos luns durante o verán. Baixo unha árbore alguén bota unha sesta tranquilamente.

**Esquio:** ¡Es un porco, corvo!

**Corvo:** Síntoo, esquio, non te vira e boteiche unha casca de laranxa e ademáis eu non son o que luxa máis o bosque.

**Coello:** ¡Hola esquio! Vaia panorama que tes.

**Esquio:** Si, outra vez os domingueiros. Tódolos luns fan o mesmo. Veña coello, esperanos un día moi longo de limpeza.

**Coello:** ¿E que pasaría se non o fixeramos?

**Esquio:** Pois que todo esto pronto sería un vertedeiro de lixo. Por exemplo unha pava tarda uns anos en desaparecer

**Coello:** ¿E unha lata dun refresco?

**Esquio:** Unha morea de anos. Mira, unha bolsa de plástico aproximadamente dous anos.

**Corvo:** Esto non o podo comer é unha pava.

**Esquio:** Todo esto fai mal a toda a paisaxe.

**Coello:** ¡Unha garrafa de aceite! ¡Que porca é a xente!

**Esquio:** O aceite contamina a auga dos ríos.

**Coello:** O lixo navega polo río e pronto veremola voar.

**Esquio:** ¡Non o olvides!

Por fin, os animais despois de moito traballar deixaror o monte limpo, aínda sabendo que os homes ían volver a luxa-lo de novo.

Laura 3º

### O RATO E OS SEUS DENTES

Era unha vez un rato que tiña os dentes moi longos e decidiu quitarlos. Pero tiña medo de que lle fixeran dano. A nai sentiu mágoa do seu fillo e decidiu levalo ó dentista; cando chegou, o dentista quedou sorprendido de ver aqueles dentes tan longos que tiña, e díxolle á nai:

-Teño que facerlle un pouco de dano para quitarlle os dentes.

-Ten medo de que lle faga dano

-Contestoulle a nai moi baixiño

O dentista respondeulle: -Se quere pódoo durmir, así non sentirá o dano.

-Vai ser mellor que llos deixe no seu sitio.

O seguinte día cando o rato se ergueu da cama e dixo: -¡Ai, os meus dentes!


A nai chegou correndo e dicindo

-¡Qué che pasa!

-Que me doen os dentes, respondeulle o rato chorando.

A nai intentou moitas veces quitarllos pero non o conseguiu nunca. Chamou a un forzado, pero tampouco. Pero ó pasar uns anos caéronlle eles sós e celebraron unha festa.

Rebeca 3º



*Se quere comodidade na súa viaxe...*

**AUTOS  
RJEVTTAS**

Sobradelo de Valdeorras (Ourense) Tno. 335010



# NOSOS PENSAMENTOS, NOSOS SENTIMENTOS

## ¿QUE PASOU?

Abrín os ollos, paseniñamente, como se me pesaran moito, e vin a doctora Antonia, a miña médica de cabeceira. Virei un pouco a cabeza cara a dereita e vin borrosos a Dna. Helena e a Dn. Xoaquín, dous dos meus profesores.

Preguntei que facía alí, a médica falábame e creo que me dicía se estaba ben ou cousas parecidas. Eu non sei por que, pero non tiña os suficientes folgos como para contestarlle, o único que facía era preguntarme "*que me acontecera*".

Ó pouco tempo veu un home baixiño que me levou nunha ambulancia ata o hospital. Eu xa estaba mellor, aínda que o sonido da sirena da ambulancia volvíame tolo, pero xa podía falar, seguín sen preguntar nada a ninguén, só a min mesmo...

Cheguei a urxencias e un médico empezoume a mirar nos ollos cunha luz moi molesta, logo mandoume quita-la roupa. Unha vez que me mirou foi falar con outro médico, collín medo, ó estar só unicamente pensaba en cousas negativas: ¿que me pasaba?, ¿que fixera eu?, ¿estaría tolo?, ¿quedaríame pouco tempo de vida?; acaso un mes, uns días de vida...

Non sei o tempo que pasou, ó mellor foi pouco e a min pareceume unha eternidade, só sei que veu a doctora a darme as "malas novas", a miña enfermidade era das que eu máis temía "epilepsia".

A doutora intentou consolarme dicindo que non era nada, eu non a crin, sabía que era grave, ós meus tece anos xa non ía se-lo mesmo.

Iván 7º



Sucursal de Carballeda de Valdeorras

Sobradelo de Valdeorras Tno. 335066

## A CEGOÑA E O PARRULO

Era unha vez unha cegoña que vivía nunha póla dunha árbore. Cerca da árbore había un río moi fermoso e no río vivían peixes, cobras e un parrulo moi fermoso que era amigo da cegoña e polas mañás sempre a saudaba dicindo "¡cua, cua!".

Un día a cegoña puxo un ovo e desde entón xa non xogaba co parrulo. O parrulo aburriase e a cegoña quentaba o seu ovo ata que rompeu. Saiu un paxariño moi pequeno e pasaron cinco meses, o paxariño xa voaba e por fin o parrulo xa non se aburriu e xogaban os tres. Botaban carreiras e o paxariño sempre perdía. A cegoña gañou dúas veces e o parrulo unha.

Adrián 3º

## A FESTA DE SANTA COMBA

Na festa de Santa Comba  
há uma grande devoção  
a gente grande e miuda  
vai na procissão.

Sai Nossa Senhora em mão,  
a gente vai ouvindo  
as canções de tradição.

Quando chega a tardinha  
há muita diversão,  
as bandas a tocar  
e a gente a dançar

Ao chegar a madrugada,  
todos vão para casa,  
para começar um novo dia  
com trabalho e alegria

Carla P., Carla S. 7º

## STRAWBERRY LA PRESUMIDA

En Whimsylandia hay un lago muy grande y muy bonito, de aguas frías.


En las que se ven los peces plateados que nadan felices. Los Whimsies deciden dar un paseo en barca, todas juntas, hasta Gran Pa y Gran Ma. Pero la malvada bruja Witch está, como siempre al acecho con sus trampas y hechizos. Se acerca en una balsa a Strawberry y le regala un espejo en un espejo.

-Toma, un regalo para ti.- Strawberry se veía muy contenta, sin saber lo que va a suceder. No sabe que el espejo vuelve presumidos a quienes se miran en él.

✓ Strawberry se vuelve presumidísima y se burla de todos:

-¡Fijos que gracias a esta Gran Ma con otros galletas!  
-y después, dirigiéndose a todos los Whimsies dice: -¡Yo soy la más guapa! Se burla incluso del viejo Capitán Grumpy.  
-¡Qué barba tan fea tienes! ¡Fíjate lo suave que es mi pelo! El sabio Gran Pa piensa que Strawberry tiene algún problema. Todos miran extraños y piensan que ha cambiado. Strawberry está tan ocupada en dábirse que no se da cuenta de haberse acercado mucho, mucho al borde de la barca y ¡Catapan! Se va al agua encima de bruja Witch y de Lizard, su tonta ayudante.

Se ha resquebrajado entera pero sus amigos los Whimsies, después de recogerla hacen que se seque al sol. Y Strawberry que fue perdida que el espejo de la vanidad, vuelve a ser buena y modesta como antes.



Carmen 2º

# INVENTAMOS HISTORIAS...

TITULO: UNA FLOR



Existe una vez una flor  
con tres pétalos, muy  
pequeña y verde.



Se llamaba Trébol.  
Un día un niño la  
cogió y la llevó a su casa.



La plantó y la regó.  
Y luego creció y pararon  
de ir y se marchó.



El niño se había olvidado  
de regarla.

## E DEBUXAMO-LOS NOSOS CONTOS



Alumnos 1º

## 1896-1996 CENTENARIO DO CÓMIC

Este ano celébrase o centenario do *cómic*, *historieta* ou *banda deseñada*, distintas maneiras de nomear ás tiras cómicas que aparecían nun xornal. A primeira foi *The Yelow Kid* que saíu publicada no *New York Journal* o 18 de Outubro de 1896.

A técnica do cómic é moi antiga, ata hai quen di que as súas orixes están nas estelas mesopotámicas ou nas antigas cerámicas gregas.

Tamén os “bocadillos” (globo onde aparece o texto que cada personaxe di, e que sae da súa boca), teñen precedentes na pintura gótica. Sen embargo, tale como os coñecemos non apareceron ata o século XIX.

O grande éxito destas historietas supuxo

que grandes empresas como Golden Pres, Walt Disney, etc., comezaran a producilose distribuilos. ¿Quen non recorda a “Superman”, “Flash Gordon”, “El Capitán Trueno”, “El Corsario de Hierro”, “Petra, criada para todo”, “Mortadelo e Filemón”, “Zipi e Zape”, e tantos e tantos outros que nos fixeron e fan pasar tan bos ratos?.

Pero como todo hai que dicilo, ás veces os cómics convértense nalgo violento, sobre todo os de aventuras, que nalgúns momentos se utilizaron con intención política como propaganda ideolóxica do país que os lanzaba ó mercado.

Na actualidade a revalorización cultural dos cómics fai que haxa no mercado cantidade deles e adaptados a tódolos públicos.

Alumnos de 8º

## REPRODUCCIÓN DUNHA PORTADA HISTÓRICA

A do TBO nº 1 aparecido o día 17 de marzo de 1917

**SEMANARIO FESTIVO INFANTIL**

Año 1 Num. 1  
 Redaccion y Administración: Calle de la Universidad, 34 - Barcelona



**EN EL CINE** — Mira Pepín, una calle de Nueva York, donde están las casas más altas del mundo.  
 — No señora, las casas más altas están aquí. Papá dice que le han subido el entresuelo tres veces. ¿Calcule usted donde estarán ya los quintos pisos!

**5**  
céntimos

(Semnario El Mundo 19 marzo 1996)